

- a posteriori: “con posteriodad” a unha circunstancia determinada. (comparativo)
 - a priori. con anterioridade” a unha circunstancia determinada. (comparativo)
 - ab aeterno: “dende a eternidade”, dende moi antigo
 - ad kalendas graecas: “ata as calendas gregas”, esta data en grego non existe, aplicábase a algo que non se faría nunca.
 - ad hoc: “para isto”; definicións adaptadas a algo en concreto.
 - ad libitum: “a capricho, libremente” , normalmente en interpretacións musicais.
 - ad multos annos: por moitos anos, para sempre.
 - addenda et corrigenda: “cousas que deben ser engadidas” e “cousas que hai que correxir”, aparece en segundas edicións de libros como engadido e corrixido. Fe de erratas.(xerundivos).
 - alea iacta est: A sorte está botada. Pronuncia César cando cruzou o río Rubicón e declarou a guerra. Emprégase cando se toma unha decisión importante.
- 10- alma mater: nai nutricia” aplicase á universidade como a encargada de nutrirnos intelectualmente.
- ante meridiem (a.m.): “antes do mediodía”
 - ave, Caesar, morituri te salutant: “ola, César, os que van morrer saúdante” saudo ritual dos gladiadores.(part.fut)
 - bis: Exclamación para reclamar a repetición de algo. Dúas veces.
 - bona fide: “boa fe”, boa intención.
 - calamo currente: “ó correr da pluma”, sen deterse moito a pensar cando se escribe (cálamo-pluma de escribir).
 - carnes tollendas: “as carnes has de ser suprimidas”, fan referencia ó carnaval.
 - carpe diem!: “disfruta o día presente”, vive o momento. Tópico literario.
 - casus belli: “causa de guerra” feito que provoca unha declaración de guerra
 - cave canem: “coidado co can” inscripción que aparecía nos portais dos romanos”
- 20- cogito, ergo sum: “penso, logo existo”, principio da filosofía de Descartes.
- conditio sine qua non: “condición sen a que non” indica que a condición é esencial para a realización de algo
 - contra naturam: Conta a natureza, contra a orde natural das cousas, aplícase a delictos moi graves ou investigacións contra a orde natural das cousas. (xenética)
 - corpore insepulto: “co corpo non sepultado” dise dos funerais co cadáver presente.
 - corpus delicti: “corpo do delicto”, a proba material do delicto cometido.
 - cum laude: “con louvanza” a expresión resalta algunas cualificacións académicas; especialmente o doutorado.
 - curriculum vitae: “carreiriña da vida” Resumo da situación académica, profesional, méritos, etc da vida.
 - cursus honorum: “carreira de honores”, carreira política ascendente polos cargos públicos romanos (honores).
 - de facto: “de feito” situación real, as veces oposta a unha situación legal.
 - de incognito: de maneira oculta, sen notoriedade.
- 30- de iure: “de acordo coa lei”
- deo volente: “se deus quere” (Ab. Abs.)
 - doctor honoris causa: “doutor por causa do honor” cando se entrega o doutorado por honor e non por méritos académicos.
 - do ut des: “dou para que me des”, concesións nuha negociación a dúas bandas.
 - dura lex sed lex: “a lei é dura, pero é lei”; a lei por incómoda que sexa hai que obedecela sempre.
 - ecce homo!: “he aí o home” expresión de Pilatos ante Cristo que hoxe empregamos para referirnos a unha estatua que representa a Cristo coroado de espiñas.
 - editio princeps: abrev. ed.pr. “primeira edición” normalmente de textos clásicos.
 - errare humanum est: “equivocarse é humano”.
 - et cetera: etc. “e o restante, e o demais”.
 - ex aequo: “por igual” cando un premio se concede a dúas personas con méritos iguais.
- 40- ex cathedra: “dende a cátedra” algo dito en tono doutrinal. (a cátedra era a silla do rector)
- ex iure: “segundo a xustiza”.
 - ex libris: “dos libros de” marca, sinal que indica a pertenza dun libro a unha persoa ou a unha biblioteca.
 - ex professo: “adrede, a propósito”.
 - exempli gratia: “por exemplo”.
 - extra muros: “Fora das murlas” sobre todo iglesias feitas fora dos muros da cidade no medievo.
 - facta, non verba: “feitos non palabras”.
 - fiat lux: “fágase a luz”, emprégase en grandes descubrimientos.
 - gratis et amore: “sen cobrar e por amor”
 - grosso modo: “de maneira ampla”, dar un número sen exactitude, aproximado.
- 50-habeas corpus: “que téña-lo corpo”indica o dereito que ten calquera cidadán detido a comparecer inmediatamente diante dun xuíz para que este decida se o arresto e legal ou non.

- habent sua fata libelli : “os libros teñen o seu destino”, importancia do lector na interpretación da obra literaria.
 - hic et nunc: “aquí e agora” indica que hai que pensar e actuar dende a realidade presente.
 - homo homini lupus: “o home un lobo para o home”, o ser humano as veces é un depredador da súa propia especie.
 - homo sapiens: “home sabio”, home racional, especie á que pertence o ser humano.
 - hora est iam de somno surgere: “xa é hora de despertar”.
 - horror vacui: “horror ó vacío”, a materia tende a encher todo espacio vacío.
 - ibidem: “alí mesmo” nas notas a pé de páxina remite a unha obra xa citada anteriormente.
 - idem: “o mesmo, igual”, evita a repetición.
 - id est: abrev. i.e. “isto é”, é decir
- 60- imprimatur / imprimi potest: “imprímase/ pode imprimirse” licencia eclesiástica que permite imprimir un libro que pasou a censura da Iglesia.
- in absentia: “en ausencia”, cando nun acto unha persoa representa a outra que non pode estar presente.
 - in aeternum: “ para toda a eternidade, para sempre”.
 - in albis: “en blanco” quedarse sen saber que dicir.
 - in articulo mortis: “no mometo da morte” refírese a testamentos feitos no leito de morte.
 - in dubio pro reo: “en caso de dúbida xulgar en favor do reo”
 - in extremis: “ nos últimos momentos” .
 - in fraganti/ in flagranti delicto: (a primeira vulgar) collido “no momento mesmo de cometer un delicto”
 - in itinere: “no camiño” referido a accidentes laborais cando se vai ou volve do traballo.
 - in illo tempore: : “en aquel tempo”.
- 70- in medio virtus: “a virtude está no medio” a virtude está lonxe dos extremismos.
- in memoriam: “ en memoria, para recordo”
 - in mente:“na mente” ter a idea de facer algo que aínda non se di.
 - in pectore: “no peito, no corazón” refírese a unha decisión que aínda non se fixo pública.
 - in saecula saeculorum: “polos séculos dos séculos”, para sempre.
 - in situ: “ no sitio” observar algo in situ.
 - intelligentibus pauca: “ ó que entende poucas palabras” o bo entendedor poucas palabras.
 - in vino veritas: “no viño está a verdade”, supostamente os borrachos din a verdade.
 - in vitro: “no vidro” fai referencia a fecundación asistida nas clínicas de fecundación.
 - inter nos: “ entre nos”, en confianza
- 80- interim: “entre tanto” intrevalo de tempo.
- ipso facto: “no mesmo feito”, simultaneamente, inmediatamente
 - lapsus calami: “erro da pluma”, equivocación na escrita, falta de ortografía.
 - lapsus linguae: “erro ó falar” tropezo inconsciente e involuntario ó falar.
 - lato sensu:“en sentido amplio” refírese a definicións ambiguas ou xerais.
 - magister dixit:“o mestre dixo”; en consecuencia non se fale máis: sublíñase a autoridade de quen fala.
 - manu militari: “con man militar”; impor algo por medio de forzas militares
 - mare magnum: “gran mar”, gran confusión de obxectos, asuntos, etc.
 - mea culpa: “pola miña culpa” empregase para assumir algunha responsabilidade.
 - memento mori: “lembra que has morrer”, a morte é o fin natural da vida, algo que hai que ter presente.
- 90- memorándum: “o que hai que recordar” resume de intencións que deben ser lembradas.
- mens sana in corpore sano: “mente sana nun corpo sano”, a saude do corpo influe na saude da mente.
 - modus operandi: “modo de actuar” para indicar o modo de actuar normalmente delictivo.
 - modus vivendi: “modo de vivir”, maneira de gañarse a vida.
 - mortis causa: “a causa da morte”.
 - motu proprio: “por movemento propio” por iniciativa propia, voluntariamente
 - mutatis mutandis: “cambiando o que haxa que cambiar”, úsase para comparar dúas cousas ou ideas e determinar os seus rasgos comúns deixando de lado o que as separa.
 - nemine discrepante: “non discrepando ninguén”, por unanimidade. (Ab.Ab.)
 - nihil novum sub sole: “nada novo baixo o sol”
 - nihil obstat: “nada se opón” frase coa que un superior autoriza a publicación dunha obra dun inferior, sobre todo en asuntos relixiosos. Tamén autorización para celebrar determinados actos.
- 100- noli me tangere: “non me toques” palabras de Xesús a Magdalena, e nome que recibe esta representación artística.

- non plus ultra: “nada máis alá” inscripción de Hercules que ó chegar a España dixo que non había nada más alá.
 - nosce te ipsum: “coñécete a ti mesmo” indica que o comezo da sabedoría comeza no coñecemento profundo dun mesmo.
 - nota bene: Abrev. N.B.: “nótese ben”, aparece en textos para aclarar o xa dito anteriormente.
 - numerus clausus: “número pechado” número limitado de prazas nas universidades.
 - nunc et semper: “ahora e sempre”.
 - opere citato: Abrev. op.cit.: “na obra citada” nota a pé de páxina cando xa se fixo referencia a esta obra.
 - o tempora! o mores!: oh tempos, oh costumes! Famosa exclamación de Cicerón contra a corrupción e a perversidade dos homes do seu tempo.
 - panem et circenses: “pan e circo” expresión empregada para citar os intereses da plebe romana.
 - peccata minuta: “pecados miudos”, faltas ou errores sen importancia.
- 110- per accidens: “por accidente”, algo ocurrido de maneira accidental.
- per capita: “por cabezas”. Por persoa: renda per cápita.
 - per se: “por si mismo” oposto a per accidens.
 - post data: Abrev. P.D. “despois de dada”, texto que se engade a unha carta xa concluída.
 - post mortem: “despois da morte”.
 - primus inter pares: “o primeiro entre iguais”; dise quen ten primacía pero non ten más autoridade que os demais.
 - primum vivere, deinde philosophare: primeiro vivir e logo filosofar. 1º arreglar a vida e logo adicarse a pensar.
 - pro indiviso: “dise das cousas que quedan en man común sen dividirse, nas herencias.
 - quod natura non dat Salmantica non praestat: o que a natureza non da, Salamanca (a universidade) non o ofrece.
 - quorum: X.pl. do relativo, quorum (praesentia sufficit) dos que (chega a presencia), indica o número de membros dun organismo que deben estar presentes nunha reunión para que os acordos teñan valor.
- 120- rara avis: “estraño paxaro” fai referencia a un feito ou persoa orixinal.
- R.I.P. (requiescat in pace): “descanse en paz”.
 - referéndum: “para consultar”, nome dunha consulta popular na que se vota si ou non. (xerundivo)
 - S.P.Q.R. (Senatus Populusque Romanus): “O Senado e o Pobo de Roma” Firma dos documentos de Roma que fan referencia ós dous poderes políticos de Roma, o Senado e o pobo.
 - si vis pacem, para bellum: “se queres a paz, prepara a guerra” a mellor defensa é preparar a guerra.
 - sic transit gloria mundi: “así pasa a fama terreal” indica que ó final ricos e pobres son iguais ante a morte.
 - sine cura: “sen preocupación”, aplicase a cargos sen responsabilidade nin preocupacións.
 - sine die: “sen data” serve para aprazar unha reunión sen data determinada
 - sit tibi terra levis (s.t..t.l): “que a terra che sexa leve” típico lema das tumbas romanas.
 - sponte sua: “pola súa vontade”, espontaneamente
- 130- statu quo: “no estado no que” indica unha situación ou estado existente.
- stricto sensu: “en sentido estricto” con rigor (contrario a lato sensu)
 - sub iudice: “baixo un xuíz”, proceso xudicial do que non se pode falar por estar baixo a decisión dun xuíz
 - sui generis: “do seu xénero, do seu tipo” indica que algo é dunha categoría ou clase especial
 - summum ius, summa iniuria: “suprema xustiza, supremainxustiza”, levar a xustiza ós seus maiores extremos pode resultar inxusto.
 - superavit: “sobrou” cando os gastos son menores que os ingresos.
 - suum cuique (tribuere): “a cada un (conceder) o seu”, máxima xurídica.
 - tamquam tabula rasa: “como unha tabla rasa”, cando se empeza de cero, pasando por alto circunstancias varias.
 - tempus fugit: “o tempo fuxe”, hai que disfrutar porque o tempo non se deten por ningún.
 - totum revolutum: “todo revolto” refírese a un conxunto de cousas ou accións sen ningún tipo de orde.
- 140- tu quoque, fili mi: “tamén ti, meu fillo”, dise cando alguén é traizado por alguén achegado. Díxoo César cando foi asasinado por Bruto (fillo de César)
- ultimátum: “último aviso, último prazo”
 - urbi et orbi: “para a cidade (Roma) e para o mundo” bendición apostólica do Papa.
 - ut infra: “como abaxo”, como se di ó final, serve para referirse a un párrafo que aparece posteriormente
 - ut supra: “coma enriba” fai referencia a algo escrito con anterioridade nun texto.
 - veni, vidi, vici: “cheguei, vin e vencin”, expresa a rapidez coa que se logra algo.
 - verba volant, scripta manent: “as palabras voan, os escritos permanecen”; resalta a fugacidade das palabras fronte á permanencia dos escritos, que poden comprometer legalmente.
 - verbi gratia: abrev. V.gr. “por exemplo”, “pola gracia da palabra”
 - vice versa: “ó revés”, ó contrario.
 - viva voce: “de viva voz”, referido a exames orais.
 - vox populi, vox Dei: “a voz do pobo é a voz de Deus”